



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL POLO PASAMENTO DE DON EDUARDO OTERO GONZÁLEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE PADRÓN DE 1979 A 1983.

Faise público o Decreto da Alcaldía nº 1117/2024, de 12 de novembro, que literalmente se transcribe:

«Don Anxo Rei Arca, Alcalde-Presidente da Corporación de Padrón, en virtude das facultades que me confire a vixente lexislación reguladora do Réxime Local.

Tendo coñecemento do falecemento no día de hoxe de don Eduardo Otero González e en recoñecemento ao seu esforzo e dedicación como servidor público nun momento transcendental para a nosa democracia.

Padrón avanzou da súa man con ilusión cara a normalidade democrática tras a cruenta ditadura franquista, iniciando unha nova etapa de liberdade e convivencia pacífica entre iguais froito da capacidade de moitos e moitas por acadar consensos. Unha capacidade que ten como máximo expoñente a consecución da aprobación da Constitución de 1978 que nos permitiu experimentar a maior etapa de paz, estabilidade e progreso da nosa historia.

O pobo de Padrón rende unha merecida homenaxe ao seu primeiro alcalde tras a restauración da democracia e agradece a súa contribución á prosperidade e mellora da calidade de vida do noso municipio.

Tendo en conta o anteriormente exposto **RESOLVO:**

Primeiro. Declarar o loito oficial no Concello de Padrón desde as 00.00 horas do día 12 de novembro ata as 24.00 horas do día 13 de novembro de 2024.

Segundo. No devandito día ondearán a media hasta as bandeiras oficiais do edificio da Casa do Concello. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

Terceiro. Notificar a presente Resolución aos Portavoces dos grupos políticos Municipáis e facela pública no Taboleiro electrónico e no da Casa do Concello, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.»

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca.